

8. Subliña os adverbios e as locucións adverbiais presentes nas oracións seguintes. Despois ofrece adverbios ou locucións cun significado contrario.

- Daquela recóllocho eu, pois quedame á man.
- Pasa por aquí de tarde en tarde, mais nunca para.
- Preparádevos rápido, que a nós tócanos despois.
- Meus avós viven preto, así que imos visítalos a mlúdo.
- Non os ves alá? Uns están detrás e os outros, por riba.
- Igual aprobo, pois fixen o exame pouco a pouco e coído que me saíu ben.
- De ningunha maneira podo eu tolerar esa actitude; está seguido a mofarse dos máis débiles.
- Sempre fixo o mesmo, mais daquela disimulaba ben.
- Xalundes ha de estar; a ver se o atopamos que aínda é cedo.
- Hoxe traballo abondo, pero antes dáme un bico.

9. Estas oracións poden presentar algunhas locucións no uso do adverbio. Localízase e corríxeas.

- Despaciño despaciño vaise andando o corrallo.
- Aier díme unha cousa e oxe díme outra.
- Agarde un chisquiño, que en seguida vou.
- Sempre dis que mañán chegas temprano e dispois es o último en chegar.
- Sigue andando e ahí en frente xa tes a parada de taxis.
- Ademáis temos o tema de Alén, que aínda está sen resolver.
- Traballamos a reo durante moito tempo e agora toca descansar.
- Mentras tanto seguimos agardando.
- Tal vez me ofrezan pronto unha nova proposta.
- Deixámolo para outro día, pois pasado mañán non podo.

10. Reescribe a seguinte oración encabezándoa con cada un dos adverbios que se ofrecen deseguido. Debes facer as modificacións que cumpra para que teña sentido. (Lembra o estudado en unidades anteriores sobre a colocación do pronome persoal átono cando o enunciado empeza por un adverbio.)

Ponse a asubiar cando está nervioso.

sempre - onte - non - logo - seica - daquela - xa ademais - tamén - incluso - aínda - posiblemente

2. A preposición

1. Introduce a preposición *agás* para substituír outras palabras que teñan o mesmo significado.

- Pintaron os cuartos, salvo o noso dormitorio.
- Todos o xuraron, quitando eu.
- Retiraron todos os mobles excepto os sofás.
- Salváronse todos os mariñeiros menos o patrón.
- Fóra de María, todas viñeron disfrazadas.

2. Algúns verbos rexen determinadas preposicións, isto é, adoitan ir seguidos dun complemento iniciado por preposición (suplemento). Indica que preposición adoitan rexer estes verbos e despois escribe unha oración con cada un.

arrepentirse →

aspirar →

atoparse →

confiar →

contar →

depende →

discutir →

falar →

lembrarse →

tratar →

3. Completa estas oracións coas locucións prepositivas que aparecen no recadro. Lembra facer as contraccións precisas.

*cara a - ao pé de - a prol de - encol de - en troques de
co gallo de - tocante a - por mor de - a carón de
arredor de*

- Estamos recollendo sinaturas a sanidade.
- Púxose a tomar o sol botarme unha man.
- Estaba mesmo el e non o vía.
- Deixei o móbil a mesa e agora non está.
- Vai andando ao río, que eles xa van diante.
- Están a facer un carril para bicicletas a vila.
- Esta semana non puiden asistir ás clases a gripe.
- o tema de que falamos onte, non hai novidades.
- Organizamos un concerto o Día da Música.
- Construíron un aparcadoiro do supermercado.